

MEMORIA AXUDAS DE ACCIÓN VOLUNTARIA 2021

Proxecto: Voluntariado Ambiental para o estudo do leirón cincento (*Glis glis*) e dos morcegos no Macizo Central Ourense



Introdución:

Ao longo dos seus 45 anos de historia, ADEGA ten realizado multitude de actuacións coa participación do voluntariado en diferentes proxectos. Dende o ano 2014 estase a realizar o Programa de seguimento do Leirón cincento (*Glis glis*) e de quirópteros no Macizo Central Ourenán (P.N. do Invernadoiro e no ZEC do Bidueiral).

O leirón cincento é un roedor arborícola e nocturno de distribución europea que ten como límite inferior de distribución o terzo norte da Península Ibérica, dende Cataluña ate a banda máis oriental de Galicia. En Galiza a súa distribución chega ate aos Montes do Invernadoiro, o límite sur da súa distribución europea.

Pola súa banda os morcegos forestais dependen dos bosques para o desenvolvemento do seu ciclo biolóxico ou, polo menos, dunha parte del (reprodución, caza ou hibernación), tendo así mesmo un papel importante na dinámica destes ecosistemas. Os quirópteros actúan como un eficaz insecticida biolóxico, xa que as distintas especies deste grupo consumen diariamente decenas de toneladas de insectos, eliminando vectores de enfermidades e pragas para a agricultura.

O obxectivo do traballo que se resume nesta memoria é dar continuidade e aumentar o coñecemento do *Glis glis* e dos *quirópteros* presentes neste espazo natural protexido. Porén, un dos obxectivos que se busca dende o comezo deste programa de estudo e seguimento, é tamén a participación activa do voluntariado no mesmo. O voluntariado ambiental foi fundamental para a posta en marcha desta iniciativa.

Así mesmo, cabe destacar que as actuacións en espazos protexidos son un dos obxectivos marcados nas labores de voluntariado ambiental, xa que favorecen o coñecemento e posta en valor destes lugares, alén de axudar a frear certas ameazas ambientais que nestes espazos teñen un perigo maior. Os lugares protexidos o son debido aos seus valores ecolóxicos, que alí son representativos ou máis importantes que noutras áreas, xa que poden albergar especies ou hábitats ameazados, protexidos, en perigo, endémicos, etc. Por esta razón ADEGA leva traballando dende hai anos con voluntariado ambiental en diferentes espazos protexidos da nosa xeografía.

Na actualidade numerosos proxectos de conservación e programas de seguimento e monitoreo están a dedicar como unha parte do seu público obxectivo ao voluntariado ambiental. As persoas voluntarias non deben substituír o traballo de profesionais, moi ao contrario, numerosas experiencias están a revelar os interesantes resultados froito de coordinar traballos entre profesionais e afeccionados/as no ámbito da conservación.

A participación do voluntariado no proxecto ten unha dobre función: por unha banda permite dar a coñecer a situación e problemática destas especies

fundamentalmente asociada á perda de bosques autóctonos maduros, e pola outra dá a posibilidade de participar en tarefas de estudo e conservación directas coa especie en espazos protexidos. Esta última da a posibilidade ao voluntariado ambiental a poder acceder a lugares restrinxidos ao público xeral e ao que só se pode entrar para a realización de traballos científicos.

Actividades:

Seguindo a memoria inicial o proxecto tiña dous momentos ben diferenciados, un de formación e outro de traballo de campo.

Formación do voluntariado

Para a fase de formación do programa deseñouse un cartel no que se poña datas e parte dos contidos do curso de formación.

XORNADAS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL ESTUDO E SEGUIMENTO DO RILÓN (*GLIS GLIS*) E DE QUIRÓPTEROS 2021

Parque Natural do Invernadoiro e ZEC Bidueiral de Montederramo OURENSE



No 2014 ADEGA e Sorex comezamos un programa de estudo e seguimento do leirón cincento (*Glis glis*) e dos quiropteros no Macizo Central Ourenseán.

PARTICIPA!



Programa

27 xullo **Curso de Formación**

Introdución ao voluntariado ambiental e ao seu papel na conservación da biodiversidade. Obrigas e dereitos, das entidades de acción voluntarias e do voluntariado.



Organiza  **Subvenciona**  XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado **Colabora**  Sorex

Inscripcións.
Se che interesa participar: ramses@adega.gal 616 23 80 50
O voluntariado contará con seguro e manutención



Curso de formación:

Data: 27 de Xullo do 2021.


O curso de formación de voluntariado, orientado para as xornadas de Voluntariado que se realizarían en posteriores datas realizouse na sede de ADEGA, nunha sala destinada para tales usos. A xornadas de formación acudiron 7 persoas voluntarias máis os responsables de impartir as charlas, Ramsés Perez (ADEGA) e Xosé Pardavila (SOREX). Outras dúas persoas amosaron o seu interese pero por incompatibilidade horaria co traballo non puideron achegarse.

O formación, así mesmo tamén tivo dúas temáticas; a primeira centrouse en explicar o dereitos e deberes do voluntariado, así como as técnicas de mostraxe e manipulación dos mamíferos que se ían a estudar, a importancia de facer ese estudo e outros temas como

Espazos Naturais Protexidos e os dous nos que se ian realizar o estudo e tarefas de voluntariado.

Remarcouse, durante a formación, a importancia de contar con voluntariado ambiental neste tipo de proxectos, xa que a súa presenza é moi necesaria. Incidiuse que este tipo de iniciativas sempre o deben realizar profesionais, nunca voluntariado só xa que poderían alterar o estudo, e para a manipulación dos animais estudados precisanse permisos e coñecementos previos para preservar a integridade das especies obxecto de estudo. Porén, a participación do voluntariado contribúe coa súa axuda ao estudo e conservación da especie.

O curso durou toda a tarde con un pequeno descanso. A xornada de formación foi satisfactoria e puidose ver nas posteriores datas que o voluntariado interiorizou ben a información adquirida no curso.



Imaxe do curso de formación

Saída Parque Natural do Invernadoiro

Data: agosto. Non se realizou

A actividade prevista para o mes de agosto no se puido realizar debido a carga de traballo do persoal técnico experto en manipulación de fauna.

Saída ZEC Bidueiral Montederramo

Data. 07 de setembro

O punto de encontro foi o Mosteiro de Montederramo o día 07 as 10.30 da mañá. Unha vez chegaron todos os participantes, e logo de tomar un café para ver se paraba de chover dirixímonos cara o ZEC Bidueiral de Montederramo. Unha vez alí comezouse coa revisión das caixas niño instaladas para o rilón cincento (*Glis glis*). No espazo natural hai 24 caixas instaladas para o leirón cincento co obxectivo de poder confirmar a presenza da especie nesta territorio do Macizo Central Ourense, feito sería de moito interese xa que até o de agora non se puido confirmar a especie neste espazo natural protexido.

O voluntariado ambiental acompañou ao persoal técnico e axudou nas tarefas de intendencia así como na toma de datos.

Segundo o protocolo de actuación foise revisando unha por unha as caixas. Non se atoparon exemplares vivos de leirón cincento en ningunha das caixas, pero si nunha delas un indicio de niño de leirón aínda que non se puido descartar que fora de leirón careto.

XORNADAS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL ESTUDO E SEGUIMENTO DO RILÓN (*GLIS GLIS*) E DE QUIRÓPTEROS 2021

Parque Natural do Invernadoiro e ZEC Bidueiral de Montederramo
OURENSE



No 2014 ADEGA e Sorex comezamos un programa de estudo e seguimento do leirón cincento (*Glis glis*) e dos quirópteros no Macizo Central Ourense.

PARTICIPA!



Programa

07 setembro Saída ZEC Bidueiral de Montederramo
08 setembro Saída P.N. Invernadoiro

Contidos: Visita de seguimento das caixas aniñadoiras de rilón (*Glis glis*) e quirópteros, medidas, mostras, etc, no Macizo Central Ourense.



Organiza



Subvenciona



Colabora



Inscripcións.

Se che interesa participar: ramses@adega.gal 616 23 80 50
O voluntariado contará con seguro e manutención





Saída P.N. Invernadoiro

Data 08 de setembro

Noite dos morcegos

O punto de encontro foi en Verín o día 8 de setembro as 16.00 da tarde, unha vez chegaron é todos os participantes, “subiuse” a Campobecerras e dende alí até a Ribeira Grande xa no corazón do Parque Natural do Invernadoiro.

Unha vez instalados na Casa dos Biólogos nas que se pernocta desprazouse o grupo até o punto de mostraxe dos morcegos. O lugar é unha casa empregada para gardar apeiros que se atopa preto do albergue do P.N. do Invernadoiro na zona da Ribeira Grande. Unha vez alí explicouse ao voluntariado os traballos e tarefas a realizar. A seguir montáronse as trampas necesarias para a captura dos quirópteros.

Despois Xóse Pardavila de Sorex deu unha pequena charla para lembrar algunhas cuestión sobre os morcegos. A continuación e mentras se pechaba a noite aproveitouse para cear. Comezaron a caer nas trampas os primeiros exemplares que se recorrian e metíanse en bolsas de tea para que se tranquilizaran. Cando houbo varios comezouse co “manexo” dos mesmos:

medicións, toma de datos de peso, identificación de especies e marcaxe con microchip o crotal das especies autorizadas. Tomaronse tamén mostraxas xenéticas das especies.

Na mostraxe atopáronse 10 especies diferentes de quiropteros :

- *Plecotus auritus*
- *Myotis daubentonii*
- *Myotis scalaris*
- *Pipistrellus pipistrellus*
- *Rhinolophus hipposideros*
- *Plecotus austriacus*
- *Hypsugo savii*

Sobre as 2,30 da mañá deixaron de caer exemplares nas trampas polo que se decidiu recoller o material de mostraxe e ir durmir para descansar algo.



Día 09 de setembro

Seguimento leirón cincento

A mañá seguinte, logo de almorzar desprazámonos ao Rocín, a zona de maior conservación do P.N. Invernadoiro para comezar coa revisión das caixas-niño instaladas para o leirón cincento (*Glis glis*).

Na xornada da mañá revisáronse as 24 caixas-niño que están instaladas nesta zona de reserva natural restrinxida do parque. Ao rematar, contras as 12:00h dirixímonos cara o Figueiro onde están as outras 24 caixas.

O procedemento foi o mesmo que nas actuacións anteriores. Rexistrouse caixa por caixa, a presenza de individuos ou a súa ausencia, se estaban ocupadas por outras especies (aves ou invertebrados varios). Cando había presenza de rilón cincento procedíase ao estudo do mesmo: peso (as crías non se pesaron en ningunha ocasión debido a que aínda eran moi pequenas e non se quería estresalas), mostra de feces, mostra de pelaxe, medición de patas, cola e orellas, e por último, marcaxe con microchip. As recapturas xa marcadas con crotal só se lles poñía microchip. As capturas novas os dous métodos de seguimento.

A xornada acabou ao redor das 20.00h e puxéronse en común as impresións e conclusións das xornadas.

En conxunto foron unhas xornadas satisfactorias nas que o voluntariado quedou moi contento con todo o aprendido e por poder estar nunha contorna tan impresionante como é o P.N. Invernadoiro. Entre as funcións do voluntariado estivo; axudar a levar o material, colaborar nas tarefas de medición e marcaxe, etc.





Saída P.N. Invernadoiro

Data 29: de outubro

A saída de outubro, a última da campaña do 2021, estivo centrada na reparación e instalación de caixas para os rilóns que estaban en malas condición ou que por caídas de árbores romperon.

O punto de encontró foi Verín, dende alí o grupo de voluntarias e voluntarios dirixiuse ao Parque Natural do Invernadoiro, e despois de amosar o permisos aos axentes diriximos á zona de traballo.

Unha vez alí procedeuse a substituír as caixas que precisaban algún tipo de arranxo, nomeadamente apretar ou afrouxar os aramios para non facer dano ás árbores, apretar algún parafuso das visagras e mudar unha das caixas que rompeu debido á caída dunha ponla.

A medida que se ía caminando dunha caixa a seguinte, o coordinador de ADEGA foilles amosando a diversidade natural do lugar aos participantes.

XORNADAS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL ESTUDO E SEGUIMENTO DO RILÓN (*GLIS GLIS*) E DE QUIRÓPTEROS 2021

Parque Natural do Invernadoiro e ZEC Bidueiral de Montederramo
OURENSE



No 2014 ADEGA e Sorex comezamos un programa de estudo e seguimento do leirón cincinto (*Glis glis*) e dos quiropteros no Macizo Central Ourensán.
PARTICIPA!



Programa

29 outubro

Saída P.N. do Invernadoiro

Contidos: Visita de mantemento das caixas aniñadoiras de rilón (*Glis glis*) no Parque Natural do Invernadoiro



Organiza



Subvenciona



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Colabora



Inscripcións.

Se che interesa participar: ramses@adega.gal 616 23 80 50
O voluntariado contará con seguro e manutención



Conclusións:

A conclusión unha vez rematado o programa foi moi boa, ao respecto tanto do voluntariado ambiental como do estudo do rilón cincenro e dos morcegos.

No referido ao voluntariado a demanda para participar no proxecto foi alta. Tivo o seu reflexo no gran número de solicitudes, nomeadamente para agosto e tamén setembro onde houbo lista de espera. Por outra banda, en todas as ocasións cubríronse as prazas e quedaron persoas en lista de agarda.

Desta volta si se puido empregar o albergue do P.N. do Invernadoiro o que facilitou moito o traballo.

No referido ao seguimento das especies obxecto do proxecto puidose apreciar no caso dos rilóns cincenros que a actividade dos individuos a estudar foi a habitual. Habitualmente en setembro as crías xa deben ter un tamaño considerable xa que as femias paren en agosto aproximadamente. Por outra banda, este ano debido a gran produción de landras do ano pasado esperábase un maior número de individuos cousa que non sucedeu, algo que se pode deber a factores como o cambio de estacionalidade, as estacións estanse a retrasar cousa que afecta os animais tamén no seu ciclo vital. Aspecto este que será de interese seguir estudando en anos vindeiros.

A valoración polo tanto foi moi positiva.

Nova publicada na web de ADEGA

The screenshot shows the website of ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). The header includes the organization's name and logo, along with social media links for Radio Cerna, CernaTV, and other publications. A navigation menu lists categories like INICIO, ORGANIZACIÓN, NOVAS, AXENDA, etc. The main content area features a news article titled "Saída ao ZEC Bidueiral de Montederramo e PN do Invernadoiro" dated 02-09-2021. The article describes a volunteer program for environmental study and monitoring of dragonflies in the PN do Invernadoiro. It mentions activities on September 7th and 8th, and a specific date for dragonfly monitoring on September 6th. The article also includes a section for "XORNADAS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL ESTUDO E SEGUIMENTO DO RILÓN (GLIS GLIS) E DE QUIRÓPTEROS 2021" with a list of participants and a program of activities. The footer contains contact information for ADEGA and a copyright notice for 2013.

ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Radio Cerna, CernaTV, Outras publicacións, ADEGA Cadernos, Revista Cerna, #InfanciaNaCasaConADEGA

Inicio / Novas / Todas / Saída ao ZEC Bidueiral de Montederramo e PN. do...

02-09-2021

Saída ao ZEC Bidueiral de Montederramo e PN. do Invernadoiro

No ano 2014 ADEGA e **SOBRE** botan a andar un programa de voluntariado ambiental para o estudo e seguimento de rilón (Glis glis) e quirópteros no PN do Invernadoiro e no ZEC Bidueiral de Montederramo.

A finalidade do proxecto é realizar un estudo e seguimento das especies citadas así como fomentar a participación activa do voluntariado ambiental.

Os días 07 e 08 de setembro, realizaranse as saídas aos espazos naturais de estudo e seguimento nos Espazos Naturais Protexidos, nomeadamente o Macizo Central Ourenán (ZEC Bidueiral de Montederramo e PN do Invernadoiro), voluntariado ambiental, así como dous apartados adicados ao leirón cincento (Glis glis) e os quirópteros forestais.

O martes 7 de setembro será a saída correspondente ao Bidueiral de Montederramo e o mesmo día pola tarde a equipa de traballo desprazarase ao PN do Invernadoiro para realizar o estudo de quirópteros. O mércores 8 de setembro será a xornada de seguimento do rilón no PN do Invernadoiro.

Prazas limitadas e medidas Covid.

Para inscribirse manda un correo a: ramssa@adega.gal ou chamando ao 616 23 80 50

XORNADAS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL ESTUDO E SEGUIMENTO DO RILÓN (GLIS GLIS) E DE QUIRÓPTEROS 2021

Parque Natural do Invernadoiro e ZEC Bidueiral de Montederramo OURENSE

NO DIA 06/09/2021 realizouse a primeira saída de voluntariado ambiental organizada por SOBRE e ADEGA no Parque Natural do Invernadoiro e ZEC Bidueiral de Montederramo.

Programa

07 setembro Saída ZEC Bidueiral de Montederramo
08 setembro Saída PN Invernadoiro

Conteúdo Visión xeral do PN do Invernadoiro e do ZEC Bidueiral de Montederramo. Seguimento do leirón cincento (Glis glis) e dos quirópteros forestais.

Organización ADEGA, SOBRE, Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural e do Mar, Consellería de Cultura, Patrimonio e Turismo.

Colaboradores Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural e do Mar, Consellería de Cultura, Patrimonio e Turismo, ADEGA, SOBRE.

Colaboradores Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural e do Mar, Consellería de Cultura, Patrimonio e Turismo, ADEGA, SOBRE.

WEB 2009-2013 AVISO LEGAL MAPA WEB RSS

Eventos publicados no Facebook de ADEGA



Un ano máis damos continuidade ao programa de Seguemento do rilón (Glis glis) e de quirópteros no Macizo Central Ourensán. O vindeiro martes temos unha xornada de formación no local de ADEGA en Compostela ás 12 da mañá. Falaremos dos espazos naturais nos que imos traballar, Bidueiral de Montederramo e PN do Invernadoiro, e das tarefas a realizar así como do voluntariado ambiental e o seu papel na conservación da biodiversidade. O proxecto é unha iniciativa de ADEGA e Sorex, e no 2021 conta coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

Participa! 🦋🦇

<http://adega.gal/axenda.php?id=862&idioma=gl&sec=12>

XORNADAS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL ESTUDO E SEGUIMENTO DO RILÓN (GLIS GLIS) E DE QUIRÓPTEROS 2021
Parque Natural do Invernadoiro e ZEC Bidueiral de Montederramo OURENSE

No 2014 ADEGA e Sorex comezamos un programa de estudo e seguimento do leirón cincinto (*Glis glis*) e dos quirópteros no Macizo Central Ourensán.

Programa
27 xullo **Curso de Formación**
Introdución ao voluntariado ambiental e ao seu papel na conservación da biodiversidade. Obrigas e dereitos, das entidades de acción voluntarias e do voluntariado.

Organiza **Subvenciona** **Colabora**
XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO
SOREX

Inscripcións.
Se che interesa participar: rameses@adega.gal 616 23 80 50
O voluntariado contará con seguro e manutención



Os días 7 e 8 de setembro voltamos ao Macizo Central Ourensán para continuar co programa de seguimento do rilón (*Glis glis*) e quirópteros. O martes 7 saímos de mañá cara o Bidueiral de Montederramo e máis tarde imos ao PN do Invernadoiro onde realizaremos unha noite dos morcegos 🦇. O mércores 8 revisión das caixas do rilón no PN do Invernadoiro. Actividade organizada por ADEGA e Sorex.

Participa!

XORNADAS DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL ESTUDO E SEGUIMENTO DO RILÓN (GLIS GLIS) E DE QUIRÓPTEROS 2021
Parque Natural do Invernadoiro e ZEC Bidueiral de Montederramo OURENSE

No 2014 ADEGA e Sorex comezamos un programa de estudo e seguimento do leirón cincinto (*Glis glis*) e dos quirópteros no Macizo Central Ourensán.

Programa
07 setembro Saída ZEC Bidueiral de Montederramo
08 setembro Saída P.N. Invernadoiro

Contidos: Visita de seguimento das caixas amfadoras de rilón (*Glis glis*) e quirópteros, medidas, mostras, etc. no Macizo Central Ourensán.



Xornada de voluntariado ambiental de estudo e seguimento do rilón cincinto e quirópteros no Macizo Central Ourensán, Bidueiral de Montederramo e Parque Natural do Invernadoiro, Campaña 2021. Grazas ao voluntariado e a Xosé Pardavila de Sorex.





Asociación Ecoloxista ADEGA

31 de octubre a las 2:04 · 🌐

Imaxes da saída de outubro, última actividade da Campaña 2021 do Programa de seguimento do rilón (Glis flis) e dos morcegos do Macizo Central Ourense.



Anexo fotográfico:

Curso de formación: xullo



LIC Bidueiral e P.N. Invernadoiro: 7 e 8 de setembro



P.N. Invernadoiro: 29 de outubro



Textos: Ramsés Pérez e Itziar Díaz Feijoo

Corrección: Ramsés Pérez

Fotografía: Ramsés Pérez



ADEGA

Avda Castelao Nº 20
15704 Santiago de Compostela – A Coruña

www.adega.gal

adega@adega.gal

tlf/ fax: 981 57 00 99